



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DO CONGRESO INTERNACIONAL EMILIA PARDO BAZÁN NO SEU CENTENARIO. LITERATURA E VIDA NOS SÉCULOS XIX, XX e XXI.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e a Universidade da Coruña para a realización do Congreso Internacional Emilia Pardo Bazán, no seu Centenario. Literatura e vida nos séculos XIX, XX e XXI.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña consideran de interese público realizar accións conxuntas con motivo da conmemoración do centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán.

O obxectivo do Congreso Internacional Emilia Pardo Bazán, no seu Centenario. Literatura e vida nos séculos XIX, XX e XXI non é soamente asediar a vida e a inxente obra pardobazanianiana desde perspectivas historicistas ou biografistas, filolóxicas ou críticas. Trátase de aproveitar este Centenario para achegar a figura de Pardo Bazán ao lector actual e ao momento presente, para





comprobar que o seu legado humano e literario segue sendo actual, que a súa mensaxe vital non perdeu vixencia.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrència, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

